

MATERIA

Historia Contemporánea de España II

unidade
didáctica
4

TITULACIÓN

Grao en Historia

O golpe de Estado de 1936 e a guerra civil de 1936 - 1939

Aldara Cidrás Fuentes

Área de Historia Contemporánea
Departamento de Historia
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2019

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-17595-50-0

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595500>



MATERIA: Historia Contemporánea de España II

TITULACIÓN: Grao en Historia

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Introducción

As claves historiográficas do s. XX español

Colapso da Restauración (1920 – 1923)

Unidade II. A ruptura autoritaria: a ditadura de Primo de Rivera (1923 – 1930)

Pronunciamento e «benevolente oposición»

O directorio militar (1923 – 1925)

O directorio civil (1925 – 1929): un proxecto de Estado autoritario

Unidade III. A II República (1931 – 1936)

Instauración e articulación do novo Estado

O bienio radical-cedista ou rectificador

A vitoria da Fronte Popular e a recuperación do reformismo

Unidade IV. O golpe de Estado de 1936 e a guerra civil de 1936 – 1939

Fracaso da República? Conspiración e construción do «Gran Medo»

Golpe, revolución e guerra: o Terror como instrumento

O nacente franquismo: unificación política, lexitimación relixiosa e ditadura vitalicia

«Pacificación» e consecuencias sociopolíticas da guerra

Unidade V. O réxime de Franco durante a IIª Guerra Mundial (1939 – 1945)

Institucionalización da Vitoria: fascistización e poder arbitral da xefatura (1939 – 1943)

Da neutralidade á condena internacional (1944 – 1945)

A oposición ao réxime: dispersión e impotencia

Unidade VI. A consolidación da ditadura na guerra fría (1946 – 1959)

Supervivencia e adaptación (1945): institucionalización e identidade católica

Ostracismo, lexitimación monárquica e reorientación opositora (1946 – 1947)

Rehabilitación internacional, conflictividade interna e reaxuste arbitral entre as «familias» (1947 – 1959)

Unidade VII. A economía do franquismo: da autarquía do fascismo ao «desarrollismo» autoritario

Consecuencias económicas da guerra: ruptura e tendencias

Autarquía e estancamento nunha longa posguerra (1940 – 1959)

Ditadura e «desarrollismo» autoritario (1960 – 1975)

Unidade VIII. A ditadura do «desarrollismo» e o franquismo final (1960 – 1975)

Adaptación política do réxime ao cambio social

Fractura na elite política e triunfo dos inmobiliistas (1969)

Vella e nova oposición: a ruptura da «paz social»

A crise terminal do franquismo (1969 – 1975)

Unidade IX. A transición á democracia (1975 – 1982)

A construción da democracia: problemas e normalización



ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

COMPETENCIAS QUE SE VAN TRABALLAR

1. Competencias específicas
2. Competencias transversais

METODOLOXÍA

1. Clases expositivas (4 horas)
2. Clases interactivas (2 horas)
3. Práctica de campo (10 horas)
4. Titorías presenciais
5. Titorías e actividades non presenciais

CONTIDOS

1. Fracaso da República? Conspiración e construción do «Gran Medo»
Ideas clave
2. Golpe, revolución e guerra: o Terror como instrumento
Ideas clave
3. O nacente franquismo: unificación política, lexitimación relixiosa e ditadura vitalicia
Ideas clave
4. «Pacificación» e consecuencias sociopolíticas
Ideas clave

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. Avaliación continua
2. Exame final
3. Producción escrita

BIBLIOGRAFÍA

Recursos en liña



PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica —á que nos referiremos, de agora en diante, como UD— correspóndese co tema IV do programa xeral da materia obrigatoria de Historia Contemporánea de España II, impartida no segundo cuadrimestre do terceiro curso do grao de Historia. Se ben nas anteriores UD o alumnado estudou a evolución do sistema político, social e económico dende o colapso da Restauración ata a instauración da II República, nesta profundará o seu coñecemento sobre o golpe de Estado e a guerra civil de 1936 e 1939, o que resultará esencial para comprender as consecuencias do conflito no devir da Historia Contemporánea de España.

O golpe de Estado de 1936, a posterior guerra civil e as súas consecuencias configuran os eixos definitorios do século XX español. Por iso, unha UD como á que nos referimos é de obrigada existencia na materia de Historia Contemporánea de España II, a cal inclúe entre os seus obxectivos que o alumnado comprenda a fragilidade da democracia e o conflito entre esta forma de goberno e as ditaduras ao longo da España do século XX. Por outra banda, esta UD tamén resulta central para comprender as propias implicacións dos demais temas que conforman o total da materia. Particularmente, conéctanos en primeiro lugar coa UD III, que se centra na II República; pero é unha interrelación que non se debe establecer en termos teleolóxicos —como a historiografía tradicional veu realizando—, senón cronolóxicos. E, en segundo lugar, conéctanos coa UD V, a cal trata o réxime de Franco durante a II Guerra Mundial; coa UD VI, centrada na consolidación da ditadura entre 1946 e 1959; coa UD VIII, que analiza as consecuencias económicas da guerra no país; e finalmente tamén enlaza coa UD IX, que nos levará á Transición e aos problemas de construción da democracia, sempre coa sombra da guerra civil de fondo.

Así as cousas, o alumnado atopará na presente UD as claves coas que interpretar non só o seu pasado, senón tamén o seu presente, facendo fincapé nas implicacións que o conflito segue a ter a día de hoxe na actualidade, sen importar a distancia cronolóxica que nos separa.

OBXECTIVOS

- Repensar de forma crítica as concepcións preestablecidas que o alumnado teña sobre o golpe e a guerra, depurando os «mitos» que seguen presentes no imaxinario colectivo.
- Recoñecer as orixes multicausais do golpe de Estado e os sectores interesados en que se producira, así como ser capaces de diferenciar cronolóxica e territorialmente a lóxica do golpe e a lóxica da guerra civil.
- Manexar as diversas interpretacións historiográficas sobre o conflito e contrastalas para construír unha propia, atendendo ás fontes e o seu tratamento.
- Entender a relevancia do episodio con perspectiva comparada, poñéndoo en interrelación con outros conflitos internacionais —particularmente, os

- fascismos— e prestando especial atención ás matanzas dos territorios de retagarda.
- Identificar as implicacións posteriores e actuais da rotura sociopolítica que se produce a raíz do golpe de Estado de 1936 e da vitoria do bando sublevado en 1939.

COMPETENCIAS QUE SE VAN TRABALLAR

Do conxunto de competencias específicas e transversais establecidas na guía docente da materia, nesta UD traballaranse as seguintes:

1. Competencias específicas

- CE1. Identificar no presente as continuidades do pasado: analizar as relacións entre asuntos, problemas ou procesos do período con situacións e problemas actuais.
- CE3. A partir da lectura crítica de materiais historiográficos diferentes, elaborar unha síntese interpretativa propia sobre asuntos centrais do período.
- CE5. Procurar materiais documentais —ex., fontes da familia: orais, epistolares, etc.— como complemento da materia do curso.

2. Competencias transversais

- CT1. Aprender a traballar en equipo, como medio para acrecentar as posibilidades de coñecemento.
- CT3. Desenvolver o pensamento analítico —enumerar e xerarquizar ideas— e o relacional —vinculacións entre procesos, acontecementos, tempos, etc.—.
- CT4. Expresar correctamente ideas empregando a palabra, a escrita, a imaxe... para elaborar sínteses rigorosas, seleccionando información e materiais de forma crítica.

METODOLOXÍA

En concordancia co novo paradigma de ensino-aprendizaxe obrigatorio no Espazo Europeo de Educación Superior que establece que a docencia hase repartir en clases expositivas e interactivas, e tendo en consideración o total de 36 horas expositivas e 14 horas interactivas coas que conta a materia de Historia Contemporánea de España II, a ensinanza da UD IV impartirase da seguinte forma: catro horas de clases expositivas e dúas horas de clases interactivas, o que supón catro sesións repartidas en dúas semanas. Asemade, a práctica de campo correspondente da materia, de dez

horas, terá vinculación directa co explicado, entre outras, na UD IV. Por outra banda, o alumnado contará tamén con material co que traballar de forma non presencial no campus virtual. Finalmente, tamén se animará ás alumnas e alumnos a que asistan a titorías docentes programadas, ora de xeito individual, ora en pequenos grupos co obxectivo de mellorar a relación entre docente e alumnado.

1. Clases expositivas (4 horas)

Serán sesións maxistrais de gran grupo, nas cales se presentarán os conceptos teóricos máis complexos da UD, polo que a persoa encargada da docencia será quen teña a maior carga de traballo. Esta apoiará as clases expositivas con presentacións dixitais ou outro tipo de material didáctico de semellantes características, que pendurará con anterioridade á sesión no campus virtual da USC para que o alumnado poida consultar o contido da clase dende a súa casa, favorecendo así a comprensión do temario no momento da súa explicación na aula.

Porén, se ben a principal finalidade desta forma de docencia é que o profesorado explique a materia e o alumnado tome as notas que considere pertinentes, procurará favorecerse a participación das e dos estudantes nas clases de dúas formas: a través de preguntas abertas que poidan xerar debate ao rematar as explicacións; ou no medio das clases mediante pequenos cuestionarios realizados con plataformas coma *Socrative* (<https://socrative.com/>) ou outras do estilo, as cales teñen como vantaxe a implicación do alumnado, o achegamento do estilo de docencia ás humanidades dixitais, o *feedback* instantáneo das respostas —o cal permite coñecer ao profesorado de forma inmediata o nivel de coñecemento do alumnado— e á súa vez actúa como ferramenta de control de asistencia ás clases.

2. Clases interactivas (2 horas)

Corresponderanse con sesións de grupos reducidos nas que o obxectivo principal será reforzar o explicado nas clases expositivas. Nelas, será o alumnado quen protagonice as actividades propostas polo profesorado para que sexan elas e eles mesmos quen desenvolvan o seu propio proceso de aprendizaxe, fomentando o traballo en equipo. Na sección de *Actividades propostas* explícase que exercicios se desenvolverán nas clases interactivas.

3. Práctica de campo (10 horas)

Tal e como aparece establecido na guía docente, a práctica de campo da materia de Historia Contemporánea de España II consistirá na visita do alumnado á cidade de Ferrol e, máis concretamente, a: os arquivos militares e navais, que acollen os consellos de guerra abertos á poboación civil a partir do golpe de 1936; e o arsenal e o castelo de San Felipe, espazos que foron centrais nas prácticas de violencia que se desenvolven tralo golpe de Estado, achegando ao alumnado o concepto dos

«lugares de memoria», popularizado por Pierre Nora e con importantes implicacións na historiografía española.

Nesta práctica de campo, as e os estudantes poderán comprender con perspectiva as dimensións holísticas das matanzas que se multiplican en Galicia a partir do golpe de Estado, á vez que se favorecerá a reflexión sobre as súas consecuencias, establecendo de forma explícita vínculos entre o temario da UD IV co de outras UD.

No caso de non poder asistir a dita práctica de campo, disporase como alternativa a lectura e a realización dun comentario sobre un destes dous libros: Santos Ferrán Gallego: *El mito de la Transición. La crisis del franquismo y los orígenes de la democracia (1973 – 1977)*, Barcelona, Crítica, 2008 // Daniel Lanero (ed.): *El disputado voto de los labriegos*, Granada, Comares Historia, 2018.

4. Titorías presenciais

Animárase ao alumnado a asistir a titorías individuais ou de grupo no horario estipulado de cada docente, como unha forma de ofrecer unha atención máis personalizada ás e aos estudantes, co obxectivo de orientar a súa aprendizaxe e poñer solución a aquelas dificultades que poidan atopar no transcurso da materia.

5. Titorías e actividades non presenciais

As titorías e actividades non presenciais refírense á interrelación entre docentes e alumnado a través da plataforma do campus virtual da USC (<https://cv.usc.es/>), que actuará como ferramenta complementaria e telemática ao impartido de forma presencial nas clases expositivas e interactivas. No campus virtual penduraránse os materiais teóricos referentes ás sesións maxistras, así como os textos e semellantes que vaian ser empregados nos seminarios interactivos.

Ademais, o campus virtual tamén poderá ser empregado como espazo de comunicación entre todo o alumnado a través de fíos de debate que se poden abrir, por exemplo, para realizar comentarios de texto; ou tamén para poder transmitirle preguntas de forma non presencial ao profesorado adscrito á materia.

CONTIDOS

1. Fracaso da República? Conspiración e construción do «Gran Medo»

As terceiras e últimas eleccións xerais da II República foron as que maior participación tiveron de todo o período, votando nelas un 72 % do censo (Tusell, 1971). Se as comparamos coas eleccións xerais de 2016 nas que a participación foi dun 66,48 %, ou incluso as de 2019 cunha participación do 71'76 % podemos comprender a implicación política cidadá nos comicios. A vitoria obtívooa a candidatura unitaria da Fronte Popular con arredor de 4,7 millóns de votos, pero só sacou apenas 300.000

votos máis fronte ao bloque de dereitas. Isto deixará como resultado un parlamento moi dividido, acentuado polo carácter unitario das listas que se presentaron. Porén, debido ao establecido na lei electoral, que beneficiaba sistematicamente á lista máis votada, a Fronte Popular acadou unha ampla maioría nas Cortes, o que lle permitiría sacar adiante diversas medidas e reformas. Isto significará na práctica unha continuación das políticas do primeiro bienio da República.

Ao contrario que o que normalmente se sostén, esta etapa non foi de extremismo político. Os partidos máis votados de cada candidatura foron os máis moderados: a Izquierda Republicana, liderada por Manuel Azaña e a Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA), con José María Gil Robles á cabeza. Pola súa parte, os candidatos comunistas da coalición da Fronte Popular foron os que menos votos recibiron da súa lista unitaria, mentres que a Falanxe acadou unha porcentaxe mínima sobre o voto total (0,5 %). En definitiva, as Cortes caracterizaranse nesta etapa non pola polarización política, senón pola fragmentación de partidos e a debilidade institucional.

A vitoria da Fronte Popular foi recibida polos seus partidarios con gran alegría, amplificada polo axustado dos comicios e pola intensa campaña electoral dos meses anteriores. Nalgunhas cidades, os sindicatos declararon folga e organizaron manifestacións para pedir amnistía polos presos políticos e sociais do movemento de folga de outubro de 1934, chegando a haber disturbios en cidades e motíns nalgúns cárceres.

Tras o seu fracaso nas eleccións, sectores da dereita aproveitaron estas mobilizacións para faceren presión aos entón presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, e presidente do goberno, Manuel Portela Valladares, alegando que era necesario actuar ante a chegada inminente da «revolución social» e a «desintegración nacional». En realidade, o que buscaban era que estes autorizasen a declaración de estado de guerra, permitindo unha intervención militar que, de paso, frearía a conformación do novo goberno frontepopulista, logrando coas armas o que non conseguiran nas furnas.

Reactívanse entón neste momento as tramas golpistas que xa estaban establecidas dende a instauración da República e que fracasaran, coma a *Sanjurjada* de 1932. Atopamos nelas nomes, tanto de civís coma de militares, que nos soan de tentativas anteriores e outros que coñecemos polo seu protagonismo posterior: José María Gil Robles, o xeneral José Sanjurjo, o xeneral Manuel Goded, o xeneral Joaquín Fanjul... O propio xeneral Francisco Franco estará implicado na trama e será el quen busque o apoio do director xeral da Garda Civil, Sebastián Pozas, e do ministro de Guerra, Nicolás Molero. Con todo, ante a negativa destes, que se manterían fieis á República, Franco acabárase botando atrás nesta incipiente tentativa golpista. Pese a formar parte das tramas conspiradoras, Franco manterá unha posición pouco clara e dubitativa con respecto ao golpe de Estado ata o propio 17 de xullo.

Sendo esta a situación, ante os disturbios na rúa e os rumores de golpe, Portela Valladares dimite como presidente do consello de ministros o 19 de febreiro, apenas tres días despois das eleccións. Alcalá-Zamora chama entón a Manuel Azaña para que sexa el quen presida e conforme o novo goberno. Será este un goberno

moderado, integrado exclusivamente por ministros de Izquierda Republicana e Unión Republicana —e un independente—.

Pese á xa mencionada ampla fragmentación parlamentaria, a maioría absoluta da Fronte Popular permitiu que se retomase o proxecto reformista iniciado en 1931 e interrompido polo bienio radical-cedista de 1934 a 1936. O mesmo 21 de febreiro, o novo goberno aproba a que será a súa primeira medida: a concesión de amnistía para os presos de outubro de 1934, que incluía ademais a indemnización e readmisión dos afectados nos seus postos de traballo. Ademais, co goberno republicano moderado volve entrar en vigor o Estatuto de Autonomía de Cataluña —que fora anulado durante o bienio radical-cedista— e revitalízanse os procesos estatutarios galego e vasco. Asemade, tamén se avanza no desenvolvemento dunha lexislación laboral progresista, o cal non foi sinxelo debido á complicada conxuntura económica mundial.

Pero a política máis ambiciosa do novo goberno de Azaña será a reforma agraria, que se retomará e aplicará de forma moito máis decidida que nos primeiros anos da República. Mostra disto son os seguintes datos: se ata outubro de 1934 só se expropiaran 89.000 hectáreas de terra nas que foran asentadas 8.600 familias, entre marzo e xullo de 1936 expropiaranse máis de 500.000 hectáreas e asentaranse máis de 100.000 familias (Moradiellos, 2016). Aínda que non eran unhas cifras desorbitadas, si serviron para amedrentar a patróns e demais persoas que vían con preocupación como podían perder os seus privilexios, convencidos polo discurso catastrofista dos contrarios ao goberno da Fronte Popular.

A conxuntura de 1936 foi aproveitada polos sectores máis conservadores para alimentar o medo social a unha suposta «revolución comunista». As dereitas —militares, CEDA, monárquicos afonsinos, monárquicos carlistas, falanxistas, a Igrexa, etc.— viñan experimentando unha radicalización violenta e unha paramilitarización palpable dende a propia instauración da República, conspirando na súa contra xa dende 1931 e empregando abertamente discursos contrarrevolucionarios, os cales comezaron a tomar maior consistencia cando conseguiron identificar de forma clara a República coa revolución (González Calleja, 2011). Con todo, isto non nos debe levar a caer no que é un dos mitos máis arraigados sobre a República e a guerra civil: a «primavera violenta de 1936», que fai referencia a un suposto aumento da conflictividade que levaría, *inevitablemente*, á guerra civil.

O propio José María Gil Robles escribiría en *No fue posible la paz* (1968) a seguinte reflexión: «España se convirtió en un teatro de violencia y atropellos, abocado fatalmente a la guerra civil». Porén, a idea da inevitabilidade é unha reconstrución falsa do pasado que foi empregada polos golpistas para xustificar a súa ilexítima toma do poder. É certo que houbo conflictividade nestes meses de 1936, pero isto non era algo nin novo nin desproporcionado na España ou na Europa da época. Incluso a retórica empregada no momento, que pode semellar moi belixerante dende a nosa perspectiva actual, entraba dentro da normalidade na cultura política do momento. Citas como «Si la Revolución quiere llevarnos a la guerra, habrá guerra» do político carlista Manuel Fal Conde en novembro de 1935 ou «Cuando las hordas rojas del comunismo avanza, sólo se concibe un freno: la fuerza del Ejército» do tamén político dereitista e líder de Renovación Española José Calvo

Sotelo en xaneiro de 1936 non nos deben levar a crer na inevitabilidade do golpe, senón da colaboración civil cos conspiradores militares a través dunhas ferramentas de axitación política determinadas. Pola súa banda, a maior parte das protestas foron pacíficas e, naquelas que acabaron derivando en enfrontamentos violentos, máis da metade de mortos foron provocados polas forzas de orde pública (Gil Andrés, 2014), o que nos fala das intencións do goberno de controlar a situación e non dunha anarquía total e absoluta de *rojos* contra azuis que xustificase a intervención militar.

O único que provocou o golpe de Estado de 18 de xullo de 1936 foi a sublevación dun grupo de militares que viñan preparando detalladamente a toma de poder dende había meses, alentados por sectores civís conservadores que vían que podían perder os seus privilexios polas políticas reformistas da Fronte Popular. E o único que provocou a guerra civil foi o fracaso de dito golpe de Estado, que non ten éxito debido á falta de unión dentro do Exército español, como se verá máis adiante na UD. Episodios coñecidos coma o asasinato do tenente José del Castillo o 12 de xullo a mans de pistoleiros de extrema dereita, ou o de Calvo Sotelo ao día seguinte por militantes socialistas a modo de represalia tampouco provocaron o golpe, pero si adelantaron a súa data e posicionaron a algúns militares que ata entón estaban indecisos, coma o xeneral Franco.

Ideas clave

- ⇒ A Fronte Popular gaña as eleccións de 1936 cunha vitoria axustada, pero que se traducirá nunha maioría nas Cortes polas características da lei electoral. Esta maioría permitirá a continuación das políticas reformistas do primeiro bienio republicano.
- ⇒ Ao contrario do que normalmente se sostén, esta etapa non é de polarización política, senón de dominio dos partidos moderados, fragmentación parlamentaria e debilidade institucional.
- ⇒ Os sectores conservadores —militares, dereitistas republicanos, falanxistas, monárquicos, Igrexa...— aproveitaron as manifestacións na rúa que seguiron á vitoria da Fronte Popular para obrigar ao goberno a declarar o estado de guerra. Ante a negativa do Executivo, reactiváronse as tramas golpistas e porase en marcha unha estratexia de alimentación do medo social á «revolución comunista».
- ⇒ A radicalización violenta das dereitas e a tensión social destes meses non debe ser interpretada de forma teleolóxica: *a guerra civil non foi inevitable*. A realidade española da época non dista moito da conflitividade experimentada noutras democracias europeas no período de entre guerras. A idea da «primavera violenta de 1936» é un argumento xustificador do golpe empregado polos seus partidarios.
- ⇒ A fin da República non vén provocada polo seu fracaso como institución, senón por un golpe de Estado perpetrado por militares con colaboración civil que non terá éxito e que derivará nunha guerra civil.

2. Golpe, revolución e guerra: o Terror como instrumento

O 17 de xullo de 1936, as unidades do Exército español estacionadas en Melilla e no protectorado de Marrocos, coordinadas polo tenente coronel Juan Yagüe, inician a sublevación militar e declaran o estado de guerra, despois de asasinar os oficiais e xefes en Tetuán e Melilla que non se posicionaron a favor do golpe. O día seguinte, 18 de xullo, o xeneral Franco secunda a sublevación nas illas Canarias e viaxa no avión *Dragon Rapide* —financiado polo banqueiro e empresario mallorquino Juan March— ata Marrocos, onde toma o mando do Exército de África. Ese mesmo día, a rebelión esténdese á península. A Armada, que se mantén inicialmente fiel á República, segue as instrucións do goberno e bloquea o estreito de Xibraltar para evitar o traslado das tropas insurrectas, pero os golpistas conseguirán salvar este imprevisto grazas á colaboración da Alemaña nazi e a Italia fascista, que lles facilitarán avións e armas para o cometido. Esta colaboración será vital para os sublevados durante todo o conflito, e á súa vez a Alemaña e Italia beneficiaríanse ter un país aliado nunha zona tan estratéxica como a península Ibérica e utilizarán a guerra española como espazo de ensaio dalgunhas prácticas que empregarán xa de forma sistemática na Segunda Guerra Mundial, coma os bombardeos a civís.

Os golpistas sabían que a toma do poder en todo o país non sería fácil. Non sen motivo, a Fronte Popular viñera de gañar as eleccións xerais e todos os anteriores intentos de golpe de Estado contra a República fracasaran. O propio Franco advertira a Mola en maio do 36 que “non contaban con todo o Exército” (Moradiellos, 2016). E, en efecto, así foi. Os sublevados atopáronse cunha clara división interna no Exército que, como vimos no anterior apartado, evitou o éxito do golpe. Dos 18 xenerais con mando de división que había nese momento en España e que controlaban as unidades de intervención máis importantes, só se sublevaron 4. Dos 56 xenerais de brigada, só 14 apoiaron o golpe. A parte máis activa da sublevación foi levada a cabo polo corpo de oficiais, aínda que tampouco actuaron de forma unánime: dos 15.301 oficiais que había en xullo de 1936, pouco máis da metade se levantarían en armas contra o goberno. Deste modo, no momento do golpe as forzas do Exército quedarían moi repartidas entre ambos bandos: dos 254.000 militares que habería en 1936 na península, 120.000 formarían parte das tropas rebeldes mentres que o resto se mantería fiel á República (Casanova, 2007).

Os organizadores do golpe imaxinaban que Madrid sería a cidade onde máis resistencia atoparían, polo que planearon que a conquista da capital se fixese mediante columnas, intentando asegurar o éxito do golpe en cidades estratéxicas como Sevilla —controlada polo xeneral Queipo de Llano—, Zaragoza —xeneral Miguel Cabanellas—, Pamplona —xeneral Mola—, Valladolid —xeneral Andrés Saliquet—, Burgos —coronel Fernando Moreno Calderón—... dende as cales se dirixirían tropas a Madrid para se facer co control do goberno central. Así, a finais do mes de xullo do 36, os insurrectos terán o control de case todo o norte e noroeste de España —Galicia, León, zonas de Castela, Oviedo, Araba, Navarra e as capitais das provincias aragonesas—, das illas Canarias e Baleares —excepto Menorca—, de zonas amplas de Estremadura e as principais cidades de Andalucía.

Imaxe 1: mapa das zonas controladas polos militares sublevados e polo goberno republicano á altura do 23 de xullo de 1936



Fonte: Víctor Hurtado, *La sublevación*, Barcelona, DAU, 2011, pp. 74 - 75

Non é insubstancial que o golpe se iniciase en Marrocos, como tampouco o é que todos os xenerais que tiveron un papel destacado na trama conspiradora loitasen na guerra de África. Como sinala Gil Andrés en *Españoles en guerra* (2014), a experiencia da guerra colonial creara un grupo de oficiais militaristas e autoritarios, cun sentido da identidade propio. Durante moitos anos, os *africanistas* víranse favorecidos por uns salarios máis elevados, pero sobre todo por unha política de concesión de ascensos e medallas por méritos de guerra moi polémica en tanto que permitía facer carreira militar a un ritmo imposible noutros destinos. Este sector do Exército caracterizábase ademais, a grandes trazos, polo culto á violencia e por defender un militarismo intervencionista de extrema dereita. A guerra colonial educáraos no desprezo aos valores humanitarios, á sociedade civil e á política parlamentaria. Esta dicotomía corporativista e castrense reavivaríase coa reforma militar de Azaña de 1931 e aumentará de xeito exponencial coa vitoria da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936, ante o que este sector do Exército identificaba como a «rotura da paz social».

Da experiencia colonial, os africanistas extraerán e exportarán ao golpe e á guerra civil española unha das súas estratexias habituais nos enfrontamentos contra as tribos rifeñas: a brutalidade e o terror, útiles para paralizar as resistencias e eliminar os opoñentes. Na guerra de África formárase tamén o propio xeneral Mola, alcumado *El Director* polo seu papel central na organización meticulosa da sublevación. Influencias da experiencia colonial e das súas formas de represión

atopámolos nas directrices secretas que escribe e distribúe entre os demais militares conspiradores, nas cales define os obxectivos, medios e pasos previstos para o triunfo do golpe. Nelas establece que a acción insurrecta terá que ser «en extremo violenta» e non terá que ver coas anteriores formas de pronunciamento producidas en España. Fai fincapé na necesidade de «crear unha atmosfera de terror» e de «deixar sensación de dominio eliminando sen escrúpulos nin vacilación a todo aquel que non pense» coma os sublevados. Ademais, establece claramente quen son os seus inimigos: «todo aquel que sexa aberta ou secretamente defensor da Fronte Popular» e aqueles militares «tímidos e vacilantes [porque para] os compañeiros que non son compañeiros, o *Movimiento* triunfante será inexorable». En definitiva, resúmeo así nunha circular do 20 de xullo de 1936: «Aquel que no está con nosotros, está contra nosotros [y] como enemigo será tratado».

Cunhas ordes de instrución claras, nas que se recalca o uso da violencia, o desenvolvemento de acontecementos foi moi similar naquelas cidades onde a sublevación triunfou debido ao posicionamento favorable ao golpe da maior parte das gornicións alí establecidas. Descríbeo Julián Casanova (2007):

Los militares salieron de sus cuarteles, se echaron a las calles y proclamaron el estado de guerra por el que se prohibían las reuniones, las huelgas y la posesión de armas. Piquetes de soldados con sus ametralladoras instaladas ante los principales edificios públicos mostraban que aquello iba en serio. Los gobernadores civiles fueron sustituidos por militares. Desde ese nuevo puesto, destituyeron a las autoridades políticas, empezando por los alcaldes y los presidentes de las diputaciones, y ordenaron a la guardia civil de los diferentes pueblos secundar la sublevación.

A partir de entón puxéronse en marcha as políticas de terror centradas na eliminación física e desarticulación social daquelas persoas que os sublevados definiran como inimigos baixo a laxa etiqueta de «*rojos*». Fusilamentos, paseos, asasinatos en masa, torturas sistemáticas físicas e psicolóxicas, secuestros, humillacións, violacións, envelenamentos... Atopámonos cunha nova forma de facer a guerra que vai máis alá das fronteas bélicas para se asañar coa poboación civil, e que ten como antecedente, de novo, a guerra colonial.

Esta lóxica de exterminio prodúcese con maior virulencia nos meses inmediatamente posteriores ao 18 de xullo. Porén, isto non nos debe levar a seguir sostendo outro dos mitos do golpe de Estado: a suposta violencia «en quente» do verán de 1936, caracterizada por uns «excesos» que se xustifican mediante as *vinganzas persoais* e a *desorde* dos primeiros momentos. O proceso violento inherente á lóxica golpista responde á premeditación, á planificación e á racionalidade. A documentación da época ratifica esta idea: por un lado, as directrices establecidas polo xeneral Mola e aceptadas polos demais sublevados falan abertamente da violencia como unha ferramenta política de control social; polo outro, aqueles que se tomaban liberdades á hora de exercer violencia —sobre todo membros de corpos paramilitarizados como Falanxe ou a Garda Cívica, que eran normalmente os encargados de levar a cabo o «traballo sucio»— eran reprendidos polos seus superiores, do cal deixan constancia diversos documentos emitidos nestes meses

polos novos órganos de poder. Ademais, novas perspectivas sobre o golpe e a guerra sinalan que a meirande parte das persoas que foron asasinadas polos sublevados, con ou sen sentenza, terían pasado polo aparello institucional golpista como detidos, acusados, etc. o que demostra que os sublevados levaban un rexistro da violencia moito máis meticuloso do que as anteriores interpretacións historiográficas sostían.

De control e non de descontrol tamén nos falan os consellos de guerra que se comezan a abrir a civís a partir do día do golpe e que se multiplicarán na zona dominada polos militares insurrectos. Nelas, integrantes do corpo xurídico militar instruían causas abertas por actos considerados punibles segundo a idiosincrasia dos propios golpistas. Así, acusaban aos procesados de delitos que eran esencialmente unha perversión da realidade, como, por exemplo, denunciar a xente afín ao réxime republicano de «auxilio á rebelión». A ascución crecente por parte da xurisdición castrense de competencias propias da ordinaria viña parella dunha maior dureza punitiva propia do Código de Xustiza Militar que actuaba como base xurídica destes procedementos sumarísimos característicos dos tempos de guerra. As causas militares serán unha das ferramentas fundamentais do proceso violento que se inicia en 1936 e caracterizáronse pola falta de garantías procesuais máis elementais, chegando a extremos nos que os acusados nin sequera estaban presentes na vista do consello de guerra, xa que foran fusilados previamente sen sentenza firme. A través das causas, os golpistas puideron obviamente eliminar e castigar os seus inimigos, pero ademais lograron outros obxectivos que non serían posibles mediante diferentes formas de violencia eliminacionista coma os *paseos*: con elas, os militares sublevados amosábanse a si mesmos coma os tedores do poder e da legalidade e conseguiron involucrar a amplas capas da poboación civil na maquinaria de violencia a través das figuras do delator e da testemuña. Isto último amosa, ademais, que para a vitoria dos golpistas e para a supervivencia lonxeva do seu réxime non só foi clave o terror, senón tamén a colaboración civil.

Mentres esta era a realidade na zona controlada polos sublevados, cal era a reacción do goberno republicano nestes momentos iniciais? Como se mencionou, a primeira medida que ordena o goberno de Santiago Casares Quiroga unha vez se fai pública a rebelión do Exército en Marrocos é a de bloquear o estreito de Xibraltar, pero isto non evitou que a sublevación se estendese á península. Ante as presións dos sindicatos da CNT e UXT para que o goberno lle dese armas ao pobo, Casares Quiroga négase en tanto que consideraba que tal medida podía poñer en perigo á propia República e o 18 de xullo dimite como presidente do goberno. O presidente da República, Manuel Azaña, nomea como xefe do consello de ministros a Diego Martínez Barrio, líder de Unión Republicana. Este forma un goberno de conciliación, moderado, deixando fóra ao Partido Comunista para intentar negociar a rendición dos militares insurrectos, pero Mola responderalle en conversas telefónicas que xa era «demasiado tarde». Martínez Barrio dimite o 19, e Azaña manda a José Giral que forme un novo goberno, quen accederá ás demandas dos sindicatos e repartirá armas á poboación civil.

Será tamén o propio Giral quen pida auxilio internacional, primeiro, a Francia, que nese momento estaba gobernada por un gabinete socialista. Porén, o plan de axuda que en principio aprobara o goberno francés non se porá en práctica debido

a que a comunicación foi interceptada por un axente dos sublevados na embaixada española en París, quen a filtrou aos medios. Iniciouse entón unha campaña de desprestixio da República, amosando de forma desproporcionada as consecuencias do «terror rojo» —como a queima de conventos, que en realidade foran casos puntuais—, mentres que as matanzas sistemáticas producidas na zona rebelde non tiveron apenas ningún tipo de repercusión internacional. A opinión pública dividiuse non só en Francia, senón en toda Europa. Reino Unido, preocupado pola posibilidade de que unha intervención na guerra en España puidese interferir nas políticas conciliadoras con Alemaña, avogou por non auxiliar á República e marcou a tendencia a seguir polas demais democracias europeas. Só a Unión Soviética, as Brigadas Internacionais e, en menor medida, México intervirían no conflito en prol da República. Julián Casanova (2007) cifra a participación de estranxeiros entre as filas republicanas en 35.000 voluntarios das Brigadas Internacionais e uns 2.000 militares soviéticos —dos cales, 600 serían asesores non combatentes—. Pola contra, o bando sublevado contaría coa axuda de máis de 100.000 estranxeiros ao longo da guerra, particularmente italianos, alemáns e portugueses, ao que habería que sumar outros 70.000 marroquís que formaban parte dos Regulares do Exército de África. Ademais, o material bélico recibido polos golpistas, apunta o mesmo autor, sería maior en termos numéricos e de calidade en comparación co que contou a República. Así, a intervención estranxeira na guerra civil sería un elemento determinante que favoreceu de forma desigual ao exército sublevado.

A partir deste momento sucederanse diversos gobernos republicanos, superados polo desenvolvemento dos acontecementos. A República non só terá que loitar contra os sublevados, que estaban moito mellor organizados e non tiñan reparo en empregar a violencia xenocida de forma sistemática para exercer unha limpeza política das zonas que controlaban; senón que tamén terá que se enfrontar dentro do seu territorio a grupos socialistas e anarquistas que aproveitarán o contexto da guerra para impulsar a revolución social. Despois de tres anos de intentar resistir o conflito con dificultades, o toque de gracia da República será o golpe de Estado do 5 de marzo de 1939 do coronel Segismundo Casado que derrocou o goberno de Juan Negrín. Nese momento formouse o Consello Nacional de Defensa, que iniciou novas negociacións cos golpistas para conseguir unha paz pactada con tres puntos mínimos, pero a actitude de Franco foi intransigente: só aceptaría a rendición incondicional do Exército Republicano. Así, o conflito continuaría ata finais de mes, cando as tropas sublevadas tomaron as últimas zonas controladas pola República e o goberno desta tivo que fuxir ao exilio.

Ideas clave

- ⇒ O golpe iníciase o 17 de xullo de 1936 no protectorado español de Marrocos e chega á península o día 18. Non foi o Exército en bloque o que se sublevou contra a República, senón que houbo unha división moi importante nas súas filas que impediu que o golpe tivese éxito, derivando entón en guerra civil.

- ⇒ O papel destacado dos africanistas na trama conspiradora débese á identidade propia deste grupo de militares, caracterizada polo intervencionismo castrense e o desprezo á sociedade civil e á política parlamentaria. Da súa experiencia na guerra colonial extraerán a utilización da brutalidade e o terror como ferramentas para acabar co inimigo.
- ⇒ O golpe de Estado foi ideado polo xeneral Mola como unha toma do poder extremadamente violenta e rápida, pero a división interna do Exército impediu o seu éxito. Como consecuencia, España quedou dividida en dúas zonas: unha controlada polos militares sublevados e outra polo goberno da República.
- ⇒ En tanto que os conspiradores golpistas imaxinaban que Madrid sería a cidade onde maior resistencia atoparían, decidiron controlar primeiro prazas estratéxicas dende as cales conquistar a capital por columnas. Porén, non lograrán tomar a capital e cambian os seus plans arredor de novembro/décembro de 1936. A partir de entón pásase dunha lóxica de golpe a unha lóxica de guerra.
- ⇒ O golpe de 1936, a diferenza doutros pronunciamentos anteriores, non buscaba simplemente a toma do poder, senón a transformación da sociedade mediante a eliminación física e a desarticulación social do grupo de persoas que os sublevados definiron como inimigos.
- ⇒ A utilización do terror no contexto de guerra total superou as fronteiras de batalla para se asañar coa poboación civil, convertendo a retagarda no escenario de violencia por antonomasia da guerra civil.
- ⇒ Os primeiros meses do golpe son os que concentran o maior número de asasinatos do conflito. Isto foi xustificado polos golpistas —e asumido por capas sociais máis amplas— coa idea do «verán quente de 1936», unha reconstrución do pasado que alega que a violencia destes primeiros momentos debeuse a excesos provocados polas vinganzas persoais que afloraron no clima de desorde.
- ⇒ As causas militares foron —xunto coas matanzas, torturas, humillacións, violacións, etc.— unha das ferramentas fundamentais do proceso violento que se inicia en 1936 e caracterizáronse pola falta de garantías procesuais máis elementais. Son mostra tamén da meticulosidade coa que a violencia foi organizada polos militares, desmentindo a idea dos «excesos do verán quente de 1936».
- ⇒ A República enfrontouse aos sublevados na guerra civil á vez que sufría unha importante desorganización interna, particularmente nos primeiros momentos. A inferior axuda internacional e o golpe de Estado de Casado sería elementos fundamentais na súa derrota.

3. O nacente franquismo: unificación política, lexitimación relixiosa e ditadura vitalicia

Como vimos no anterior apartado, o 17 e o 18 de xullo de 1936 non todo o Exército se levantou en armas contra a República. O golpe militar foi faccional, é dicir, só foi apoiado por determinados sectores das forzas de seguridade do Estado. Isto foi o que

provocou o fracaso da sublevación: se o Exército e as forzas policiais tivesen actuado de forma unánime para derrocar o goberno republicano, o golpe de Estado tería sido un éxito e a guerra civil non se tería producido. Non foi a resistencia das autoridades e poboación civil o que determinou que as cidades caesen ou non en poder dos sublevados, senón o posicionamento das gornicións militares estacionadas nelas.

En trazos xerais, os militares con maior rango mantivéronse leais ao goberno. A parte máis activa da sublevación levouna o corpo de oficiais, que non tivo problema en fusilar a aqueles altos mandos que non apoiaran o golpe, seguindo as instrucións de Mola con respecto a tratar coma inimigos aos «compañeiros que non son compañeiros», o cal supuña unha perversión total da cadea de mando e a obediencia debida ás autoridades castreses.

Por outra banda, o obxectivo final do golpe non era o derrocamento do sistema republicano e o establecemento dunha ditadura vitalicia arredor da figura de Franco, quen no momento da sublevación era unha figura secundaria en comparación con outros. Orixinalmente, a idea inicial era derrocar soamente a Fronte Popular e establecer un directorio militar dirixido polo xeneral Sanjurjo ata recuperar a «orde social». Era un golpe accidentalista, ou sexa, que non estaba claramente definida cal sería a forma de goberno posterior á toma de poder. Porén, Sanjurjo morrería nun suposto accidente de aviación cando é trasladado a España dende Estoril, Portugal, o 20 de xullo. Isto obriga aos sublevados a cambiar os plans. Así, o 24 de xullo, deciden designar como órgano supremo unha Xunta de Defensa Nacional que se establecerá en Burgos e que estaría presidida polo xeneral Miguel Cabanellas, en tanto que era o xeneral de división máis antigo do bando rebelde.

O caso de Cabanellas resulta paradigmático para amosar a ampla amalgama de posturas e ideoloxías que había entre os militares insurrectos e os seus apoios civís: dereitistas republicanos, monárquicos afonsinos, carlistas, fascistas, católicos conservadores... Cada sector tiña as súas propias ambicións para o final da guerra, sendo a meirande parte delas completamente incompatibles as unhas coas outras; o éxito do posterior franquismo foi conseguir aglutinalas a todas. O único que as unía nestes momentos iniciais era o seu odio á Fronte Popular.

O propio Cabanellas era republicano, deputado do Partido Republicano Radical, e –segundo apuntan algunhas fontes, non está comprobado– masón. Un dos seus fillos, Guillermo Cabanellas, tamén militar, participara na sublevación de Jaca en 1930, era membro do Partido Socialista Español e durante a guerra tería que fuxir exiliado a Francia e despois a América Latina. Con todo, en 1936 Miguel Cabanellas foi un dos principais conspiradores do golpe contra o goberno progresista da República —non contra a República en si—, adheríndose á sublevación como capitán da V División Orgánica e facendo que Zaragoza fose controlada polos rebeldes dende os primeiros momentos do levantamento.

Como acabamos de sinalar, sería escollido presidente da Junta de Defensa Nacional, pero o seu papel nela será puramente simbólico e protocolario, sen poder fáctico real. O 21 de setembro de 1936, ante as discrepancias existentes entre os diferentes sectores golpistas, a Xunta decidirá establecer un mando militar único e supremo para a xefatura do Estado. Contrario á decisión, Cabanellas non participará na votación, da que sae escollido o xeneral Franco, proclamado *generalísimo*. Segundo

as memorias do seu fillo Guillermo en *Cuatro generales: la lucha por el poder* (1977), o xeneral Cabanellas advertiría nese momento aos demais militares: «Ustedes no saben lo que han hecho. ... Si ustedes le dan España, va a creerse que es suya y no dejará que nadie lo sustituya en la guerra o después de ella, hasta su muerte». O 30 de setembro, tras a toma do Alcázar de Toledo, Franco será tamén nomeado oficialmente Xefe do Goberno. A partir de entón, deixará a Cabanellas no ostracismo político e militar designándoo inspector xeral do Exército, o que significaba que non podía ter mando de tropas. Acabará morrendo en Málaga en 1938.

O establecemento dun mando unipersoal entra dentro da necesidade de reorganizar a administración na zona controlada polos sublevados e de configurar o que sería o novo Estado. O golpe fora planeado coma unha toma do poder rápida e violenta, co obxectivo principal de tomar a capital. Pero a realidade era distinta, e a resistencia de Madrid obrigará ás tropas rebeldes a desistir e cambiar de táctica definitivamente en novembro de 1936. Neste momento podemos dicir que se pasa dunha lóxica de golpe a unha lóxica de guerra, na que os sublevados comezan a pensar a longo prazo e na necesidade de definir o réxime e de aglutinar o seu apoio social. A propia designación de Franco o 30 de setembro como Xefe do Goberno e Xeneralísimo dos Exércitos entra dentro desta incipiente estratexia.

Pero por que foi Franco escollido para este designio e non outro militar? Era un afamado xeneral de división —máximo rango militar no momento—, novo, con contactos no estranxeiro... e sobre todo caracterizábase por un talante repousado e por unha permanente indefinición ideolóxica que facilitaba que recibise o apoio de amplos sectores da dereita. Ademais, os que poderían ser algúns dos seus principais rivais morreran ou foran fusilados —Sanjurjo, Goded, Fanjul—, estaban detidos —José Antonio Primo de Rivera—, provocaban desconfianza polo seu pasado conspirador republicano —Queipo de Llano, Cabanellas— ou eran demasiado conservadores —Mola—. O nomeamento de Franco como Xefe do Goberno e Xeneralísimo dos Exércitos inicia a configuración da ditadura militar personalista que se acabará establecendo.

A primeira gran medida que aproba Franco para a definición do réxime e da súa administración é a creación en outubro de 1936 da Xunta Técnica do Estado, que actuará como goberno de forma oficiosa ata febreiro de 1938, data na que se constituirá o primeiro goberno de Franco propiamente dito e que veremos máis adiante. En decembro do 36, dáse o primeiro paso fundamental para a unificación de tódalas forzas políticas golpistas coa aprobación do Decreto de Militarización das Milicias. Segundo este, todas aquelas milicias ou grupos paramilitares que emerxeran a raíz do 18 de xullo pasaban a ser sometidas a control militar, cortando a súa teórica autonomía anterior.

O Decreto de Militarización das Milicias non solucionará a pluralidade ideolóxica e de obxectivos dos diferentes sectores que integraban as filas golpistas, polo que en abril de 1937 se avoga pola creación dun partido único mediante o Decreto de Unificación. Segundo este, prohibíanse todas as formacións políticas existentes excepto a fascista Falanxe Española das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista —FE de las JONS, nas súas siglas en castelán— e a carlista Comuñón Tradicionalista, que se fusionan nun partido único que levará por nome Falanxe Española Tradicionalista

e das Xuntas de Ofensiva Nacional Sindicalista —FET de las JONS—. A creación do partido único é importante porque consegue anular as desavinzas políticas internas do bando sublevado, subordinando a natureza fascista e carlista á figura de Franco, e porque ademais actuará como o principal elemento de encadramento social e de control da poboación durante a guerra e a ditadura. En tanto que a ditadura asumiría como propios os 27 puntos programáticos de Falanxe, as lindes do partido e do réxime serán difusos, sendo en realidade dúas formas do mesmo, que se coñecerá polo termo máis amplo do *Movimiento Nacional*.

Intuíndo un final máis ou menos próximo da guerra, as decisións de carácter administrativo vertebradoras do novo Estado complétanse o 29 de xaneiro de 1938 coa aprobación da Lei de Administración Central e coa conformación ao día seguinte do primeiro goberno oficial de Franco, que substituíu á Xunta Técnica do Estado. A composición do consello de ministros será a seguinte: o propio Franco como presidente, o tenente xeneral Francisco Gómez-Jordana —presidente da Xunta Técnica do Estado ata entón— como vicepresidente e ministro de Asuntos Exteriores, o *camisa vieja* Raimundo Fernández Cuesta como ministro de Agricultura e secretario xeral do *Movimiento*, o xeneral Fidel Dávila —primeiro presidente da Xunta Técnica do Estado— como ministro de Defensa, o político e intelectual conservador Pedro Sainz Rodríguez como ministro de Educación Nacional, o avogado e político monárquico Andrés Amado como ministro de Facenda, o militar Juan Antonio Suanzes Fernández como ministro de Industria e Comercio, o avogado e político de extrema dereita Ramón Serrano Suñer —coñecido popularmente como *cuñadísimo* por estar casado coa irmá de Carmen Polo— como ministro de Interior, o conde de Rodezno Tomás Domínguez Arévalo como ministro de Xustiza, o enxeñeiro Alfonso Peña Boeuf como ministro de Obras Públicas, o xeneral Severiano Martínez Anido como ministro de Orde Pública¹, e o enxeñeiro e político monárquico Pedro González-Bueno como ministro de Organización e Acción Sindical.

Fiel á estratexia política conciliadora de Franco, este goberno estará caracterizado por unha equilibrada distribución das «familias» do réxime: tres carteiras para o Exército —Asuntos Exteriores, Defensa e Orde Pública—, unha para a Falanxe histórica —Agricultura—, dúas para a nova Falanxe —Interior e Organización e Acción Sindical—, unha para os carlistas —Xustiza—, unha para os monárquicos afonsinos —Facenda—, unha para os intelectuais de *Acción Española* —Educación Nacional— e dúas para técnicos —Industria e Comercio e Obras Públicas—. O goberno manterase así ata 1939, a excepción da fusión dos ministerios de Orde Pública e Interior no de Gobernación trala morte do xeneral Martínez Anido en decembro de 1938. En agosto de 1939, xa en posguerra, confórmase o segundo goberno de Franco, no que terá máis carteiras Falanxe debido á cambiante situación internacional e o achegamento do réxime a Alemaña e Italia. Porén, tralo desenlace da II Guerra Mundial, a influencia falanxista decrecerá ante a necesidade da ditadura de se afastar das potencias do Eixe.

¹ O 24 de decembro de 1938, o xeneral Martínez Anido morrerá e a súa carteira pasará a Serrano Suñer, entón ministro de Interior. Ambos ministerios se fusionarán para dar lugar ao ministerio de Gobernación.

Xunto co Exército e o Partido, o terceiro pilar do réxime será a Igrexa. A separación entre a Igrexa e o Estado pola que avogou a República dende a súa instauración —véxase o art. 3º que estipula que España non ten unha relixión oficial, ou o art. 26º que prohíbe os colexios de ordes relixiosas—, provocou un resentimento entre os sectores máis conservadores do catolicismo que foi aumentando co paso do tempo, particularmente tras a aprobación de medidas como a Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas de 1933. Con todo, os bandos de pronunciamento do golpe de Estado de xullo de 1936 non fixeron ningún tipo de referencia á cuestión relixiosa. Pero as malas relacións entre a xerarquía eclesiástica e o goberno progresista republicano, o anticlericalismo profesado por certos sectores da extrema esquerda e a importancia que a relixión tiña para certos sectores do bando rebelde —ex.: carlistas— provocou que amplos sectores da Igrexa católica apoiasen abertamente o golpe de Estado dende os seus inicios.

Co beneplácito da xerarquía católica española e coa súa implicación como institución en prol dos golpistas, prodúcese unha sacralización do golpe e da guerra civil. Esta xa non é presentada simplemente como unha *guerra de liberación nacional*, senón tamén como unha *cruzada contra o mal*. Presentar o conflito desta forma era unha forma de lexitimar o golpe, e rapidamente os rebeldes integraron na súa narrativa a idea da *guerra santa* como xustificación á violencia. Se ben na sustancia filosófica do fascismo non había ideas católicas, a importancia da fe cristiá será un elemento caracterizador do fascismo español, que se patrocinará e se estenderá durante toda a ditadura franquista en tanto que a Igrexa se acabará convertendo na salvagarda dos valores tradicionais da familia.

Pero a colaboración da Igrexa co bando sublevado non só se produciu no plano máis moral ou discursivo. O clero tivo un papel fundamental como elemento mobilizador grazas á influencia que tiñan sobre os seus fieis, asegurando nas súas misas que o quinto mandamento, “Non matarás”, excluía aos *rojos*; tamén actuaron como axentes de control social e foron rapidamente incluídos nos mecanismos de vixilancia do réxime. Nalgúns sitios, incluso, foron moitos os curas que se sumaron ás filas dos rebeldes para ir loitar á fronte.

O apoio explícito da xerarquía eclesiástica aos golpistas supuxo que houbera un aumento do anticlericalismo en cidades da zona republicana —excepto no País Vasco—, chegando a haber represalias a membros de ordes relixiosas exercidas por grupos de extrema esquerda autónomos que buscaban a revolución social. A República, pola súa parte, sancionou e loitou por poñer fin a este tipo de accións, que se concentraron sobre todo nos primeiros meses da guerra. Para contrarrestar a pésima imaxe pública que a persecución relixiosa destes grupos lle estaba dando á República, o goberno de Negrín intentaría recuperar a normalidade da vida pública na retagarda patrocinando a tolerancia ao culto doméstico. No relativo ao restablecemento do culto público, o Executivo atoparíase coa oposición de socialistas e anarquistas e das propias autoridades eclesiásticas. Ata o final da guerra, a República establecerá relacións diplomáticas coa Santa Sede para que esta actuase como intermediadora no conflito. Porén, esta responderá sempre con evasivas.

En agosto de 1937, a petición de Franco, o episcopado español fará pública unha carta redactada polo cardeal Isidro Gomá dirixida a todos os católicos do mundo

para informar da postura adoptada pola Igrexa española ante os «horrores da barbarie roja». Case todos os bispos españois asinaron, aínda que cabe mencionar a negativa do cardeal arcebispo de Tarragona Francesc Vidal i Barranquer, nese momento no exilio, quen apelou a que o documento era un elemento de propaganda política que podía poñer en perigo a situación dos relixiosos en zona republicana. Como castigo, Vidal i Barranquer e outros eclesiásticos menores que tamén se negaron a firmar a carta, tiveron que morrer no exilio. A manobra da carta foi un auténtico éxito e o obxectivo buscado, que era gañar o favor da opinión pública católica internacional, foi logrado. En abril de 1938, despois dunha actitude condenatoria da violencia en zona republicana pero cun talante pacífico de reconciliación, o Vaticano recoñecerá plenamente ao de Burgos como goberno lexítimo de España.

Como contraprestación ao seu servizo apoiando aos sublevados, a Igrexa católica española recuperará os seus privilexios na posguerra: monopolio católico nas institucións públicas educativas e no culto público, control da censura, exencións fiscais, obrigatoriedade dos matrimonios canónicos católicos, etc. Estes e outros grandes beneficios aparecerán recollidos de forma oficial no Concordato entre o Estado español e a Santa Sede de 1953 —aínda que moitos deles se aprobaron con anterioridade—.

Ideas clave

- ⇒ O obxectivo orixinal do golpe de Estado non era instaurar unha ditadura vitalicia arredor da figura de Franco, senón simplemente derrocar o goberno da Fronte Popular. A sublevación foi apoiada por sectores conservadores de diferente signo —dereitistas republicanos, monárquicos afonsinos, carlistas, fascistas, católicos conservadores—, cada un deles cuns obxectivos diferentes para despois da guerra. O verdadeiro éxito de Franco residiu en ser capaz de articularlos a todos de forma beneficiosa para el.
- ⇒ En xullo de 1936, tras a morte do xeneral Sanjurjo —que, segundo Mola, dirixiría a sublevación—, os militares golpistas organizáronse nunha Xunta de Defensa Militar.
- ⇒ En setembro de 1936, a Xunta de Defensa Militar decide establecer un mando único e supremo para intentar poñer fin ás discrepancias internas. Franco será escollido *generalísimo*.
- ⇒ En novembro de 1936, ante a resistencia de Madrid, os militares cambian de estratexia. Neste momento pásase dunha lóxica militar de golpe de Estado a unha de guerra. Faise notoria a necesidade de reorganizar a administración na zona sublevada, xa completamente supeditada ás ordes de Franco.
- ⇒ A colaboración da Igrexa cos golpistas produciuse dende o primeiro momento e foi fundamental porque ofreceu unha lexitimación da guerra e da violencia en clave relixiosa e moral. A implicación dos eclesiásticos

- españóis tamén será vital para a internacionalización do conflito, amosado como unha *cruzada contra o mal*.
- ⇒ Medidas importantes: creación da Xunta Técnica do Estado (outubro de 1936), Decreto de Militarización das Milicias (decembro de 1936), Decreto de Unificación (abril de 1937), Lei de Administración Central e conformación do primeiro goberno de Franco (xaneiro 1938).
 - ⇒ Os piares fundamentais do bando golpista serán o Exército, o Partido e a Igrexa.

4. «Pacificación» e consecuencias sociopolíticas

En el día de hoy, cautivo y desarmado el Ejército Rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objetivos militares. La Guerra ha terminado.

El generalísimo
Franco

Burgos, 1º abril 1939

Con este último parte bélico, publicado trala toma de Madrid —29 de marzo— Valencia e Alacante —30 de marzo—, e Murcia e Cartaxena —31 de marzo—, púxose fin á guerra civil española. A estratexia dunha guerra de desgaste, de destrución total do contrario pola que apostou Franco para poder constituír un réxime duradeiro, funcionara. Pero a chegada da vitoria non significaría a chegada da paz.

A paz negociada fora imposible. Todos os intentos de chegar a acordos entre os dous bandos belixerantes foran absolutamente rexeitados polos sublevados, que só aceptaban como único final da guerra posible a «entrega incondicional do inimigo». O propio Franco repetíao constantemente: «Cuantos desean la mediación, consciente o inconscientemente, sirven a los *rojos* y a los enemigos encubiertos de España». Tras a fin do conflito, esta mensaxe non cesaría de ser repetida. A ameaza interna e o papel de Franco como salvagarda da patria ante a súa potencial agresión será unha das grandes xustificacións que utilizará o réxime como elemento xustificador e lexitimador da súa lonxevidade. 20 anos despois da fin da guerra, no discurso inaugural do Valle de los Caídos, Franco asegurará unha vez máis:

Mucho fue lo que a España costó aquella gloriosa epopeya de nuestra liberación para que pueda ser olvidada; pero la lucha del bien con el mal no termina por grande que sea su victoria. Sería pueril creer que el diablo se someta; inventará nuevas tretas y disfraces, ya que su espíritu seguirá maquinando y tomará formas nuevas, de acuerdo con los tiempos. La Antiespaña fue vencida y derrotada, pero no está muerta².

O que o bando sublevado buscaba non era simplemente a toma do poder, senón a transformación da sociedade e a extirpación de raíz da tradición liberal. Neste sentido,

² Discurso de Francisco Franco na inauguración do Valle de los Caídos o 01/04/59. Extraído de Paul Preston: *Franco*, London, Fontana Press, 1993, p. 679

a fin da guerra non supuxo a fin da violencia senón que, pola contra, o proceso de pacificación posterior ao conflito consistiu na institucionalización da represión, na continuación das prácticas eliminacionistas que nalgúns territorios comezaran en xullo de 1936 e na súa extensión a toda España.

Dende o momento no que o bando rebelde intuía que a fin da guerra estaba máis ou menos próxima e que eles podían gañala, comezaron a aprobar unha serie de leis que regularizaban lexislativamente o proceso violento de depuración da sociedade civil. A primeira delas foi a Lei de Responsabilidades Políticas, promulgada o 9 de febreiro de 1939. Segundo esta, podían xulgarse actos considerados subversivos polos propios sublevados en dous períodos —a Revolución de Asturias de 1934 e a guerra civil—, o que viola o principio xurídico de non retroactividade penal, en tanto que unha lei non pode considerar punibles feitos acontecidos con anterioridade á súa promulgación. Isto pode recordar ao que estaban facendo os golpistas dende o verán de 1936 a través dos consellos de guerra nas zonas que dominaban, pero hai dúas diferenzas fundamentais que introduce a Lei de Responsabilidades Políticas: os acusados serían condenados por xurisdición civil, sendo o seu máximo órgano o Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas, e suprímese a pena de morte.

O 1 de marzo de 1940, case un ano despois da fin oficial da guerra, dítase a Lei para a Represión da Masonaría e o Comunismo, con penas que ían dende a incautación de bens ata a reclusión maior —con penas de 20 a 30 anos de prisión nos peores casos—, incluíndo a inhabilitación profesional de por vida. Segundo esta lei, o Tribunal Especial para a Represión da Masonaría e o Comunismo podía xulgar a todas aquelas persoas sospeitosas de pertencer á masonaría, ao comunismo ou a outras organizacións semellantes de carácter clandestino, unha vaguidade que na práctica supuxo que case calquera cidadán fose susceptible de ser acusado.

As bases do aparello xurídico deste primeiro franquismo virán ser completadas o 29 de marzo de 1941, cando se aproba a Lei para a Seguridade do Estado. Esta recollía unha miríade de feitos considerados delituosos, relacionados con atentar contra a seguridade do goberno e do xefe de Estado, coa revelación de segredos políticos e militares, coa circulación de rumores prexudiciais para a Nación, con pertencer a asociacións ilegais, etc. A diferenza das anteriores, a Lei para a Seguridade do Estado si incluía a pena de morte entre as súas disposicións. Estas leis, con todo, non impediron que os consellos de guerra seguisen funcionando, en tanto que o país estivo en estado de guerra e, polo tanto, baixo a lei marcial ata 1948.

Co avance da guerra e dos primeiros anos da ditadura, o número de penas capitais impostas foise reducindo, á vez que a poboación recluída nos penais aumentou de forma exponencial, chegando a haber en funcionamento máis de 180 campos de concentración ademais dos cárceres ordinarios. A saturación do sistema penal golpista primeiro e franquista despois foi tal que o 7 de outubro de 1938 púxose en marcha o Padroado de Redención de Penas polo Traballo —que aínda entraría en vigor meses despois—, segundo o cal se lle ofrecía aos presos a posibilidade de redimir parte da súa condena a través do traballo. Tradicionalmente atribuíuselle a súa creación ao xesuíta José Agustín Pérez del Pulgar, pero, en realidade, a utilización dos presos políticos como man de obra —polo menos no ámbito local— era unha práctica que se viña realizando xa dende o propio verán de 1936. O que

fixo en particular o eclesiástico, e a Igrexa como institución en xeral, foi dotar ao sistema da xustificación teórica en clave teolóxica que o caracterizou durante toda a súa existencia (Rodríguez Teijeiro, 2016). O Padroado de Redención de Penas polo Traballo foi, en realidade, un mecanismo estatal de organización de prisioneiros para ser empregados como man de obra en traballos forzados, en condicións parecidas á da escravitude. Del beneficiouse, por suposto, o Estado, en tanto que puido levar a cabo obras que terían sido absolutamente imposibles noutras circunstancias co contexto económico que vivía o país, pero tamén destacan moitas empresas privadas que, grazas ás súas conexións co réxime, lograron enriquecerse incluso na difícil época de autarquía.

A nivel sociopolítico, a guerra e a continuación da súa lóxica violenta na posguerra, deixou como resultado un país completamente devastado. É imposible cifrar con exactitude o impacto demográfico do conflito. Moradiellos (2016) fala dunhas marxes que oscilan entre 150.000 e 200.000 mortos en accións de guerra tales coma combates ou bombardeos, dos cales tres cuartas partes serían do bando republicano; ademais, suma uns 155.000 mortos relacionados coa violencia na retagarda, sendo uns 100.000 asasinados polo bando sublevado; finalmente, cifra en 346.000 e 380.000 os mortos por sobremortalidade, que define como as defuncións provocadas por enfermidades, fame e outras privacións provocadas pola guerra. Excluídos destes números quedan os arredor de 2.000 mortos provocados pola acción guerrilleira e contra guerrilleira post-1939, os 30.000 de represión franquista e todos aqueles que morreron polas duras condicións da posguerra. A este volume de perdas humanas, o propio Moradiellos suma outras dúas categorías perfiladas polos estudos demográficos e cruciais para o desenvolvemento socioeconómico do país: a caída en picado da taxa de natalidade, que derivou no non-nacemento de entre 400.000 e 500.000 mil nenos e nenas; e o número exponencial de exiliados que se viron obrigados a marchar do país e que, segundo o autor, superarían o millón de persoas.

No relativo ao número de presos, calcúlase que en 1940 habería non menos de 300.000 presos repartidos nuns 500 cárceres, ao que lle hai que sumar case outro medio millón de persoas recluídas en condicións paupérrimas nos campos de concentración existentes. Estas cifras gañan relevancia cando as comparamos co número medio de persoas presas nos cárceres “comúns” entre 1931 – 1934, que non chegaba ás 9.500 persoas.

Porén, as dimensións reais da violencia foron moito máis amplas e son de máis difícil cuantificación. As humillacións, as violacións, as torturas, as purgas... mesmo o trauma de pasar por esta experiencia e perder familiares no camiño. A isto sumáronse as duras condicións de supervivencia na posguerra. Non sen motivo, a guerra civil é considerada coma o fenómeno máis negativo da historia contemporánea española.

Nas seguintes UD verase como se institucionalizou a vitoria en clave fascista ata 1943 e como soubo adaptarse ao contexto internacional marcado polo devir da II Guerra Mundial. Tamén se estudará, entre outras cousas, que foi o nacionalcatolicismo, como se produciu a consolidación da ditadura e cales foron as consecuencias económicas da guerra que marcaron as políticas do primeiro

franquismo. Comprender e profundar nestas problemáticas, así como nas expostas no apartado de contidos da presente UD, permitirá que o estudantado desenvolva a capacidade crítica necesaria para comprender as implicacións que teñen no presente estes acontecementos históricos.

Ideas clave

- ⇒ A chegada da vitoria acadada polos sublevados o 1 de abril de 1939 non supuxo a chegada da paz. Pola contra, continuaron de forma aínda máis sistemática as prácticas eliminacionistas que nalgúns territorios levaban exercendo dende xullo de 1936.
- ⇒ Medidas que regularizaron o proceso de depuración da sociedade conforme se achegou o fin da guerra: Lei de Responsabilidades Políticas (febreiro de 1939), Lei para a Represión da Masonaría e o Comunismo (marzo de 1940), Lei para a Seguridade do Estado (marzo de 1941). Ademais, mantívose o estado de guerra e a lei marcial ata 1948.
- ⇒ Ante a saturación dos cárceres e campos de concentración nas zonas controladas polos sublevados, en outubro de 1938 púxose en marcha o Padroado de Redención de Penas polo Traballo, polo cal os presos podían redimir parte da súa condena a través do traballo. Pero, en realidade, foi un mecanismo estatal de organización de man de obra forzada.
- ⇒ En termos demográficos, a guerra e a posguerra deixaron como resultado un país completamente devastado. Ao número de perdas humanas, que varían segundo uns autores e outros, habería que sumarlle as vítimas que non perderon a vida pero si sufriron reclusión forzada, torturas, violacións... cuxa cuantificación en termos absolutos é imposible.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Na primeira clase expositiva correspondente á UD, antes de comezar coa sesión maxistral, repartiráselle ao alumnado un pequeno cuestionario na aula con preguntas referentes ao temario que se vai impartir nas seguintes sesións. Esta enquisa ten por obxectivo medir cal é o grao de coñecemento do estudantado sobre o golpe e a guerra, resultando de gran interese comprobar cales son as ideas preconcebidas que teñen sobre o conflito antes de estudalo na carreira. O cuestionario será recollido pola profesora ou profesor encargada, quen llelo devolverá ao alumnado na última clase interactiva referente á UD. A raíz disto, animarase ás e aos estudantes a reler as súas respostas e comentalas abertamente na aula, invitando á reflexión colaborativa sobre aquelas preconcepcións que mudaron despois da explicación da UD.
- Na primeira clase interactiva, verase na aula o documental *Morir en Madrid*, de Frédéric Rossif (1963), que será seguido dun debate sobre o

- tratamento do conflito bélico no filme. Ademais, o alumnado terá que ver na súa casa *El silencio de los otros*, de Almudena Carracedo e Robert Bahar (2018). En grupos de tres persoas, terán que elaborar un comentario crítico comparado de ámbolos dous filmes para entregar ao final de curso.
- Para a segunda clase interactiva, o alumnado deberá ler na casa un dossier de textos breves sobre o golpe e a guerra extraídos da bibliografía da guía docente —e que se pode ver no epígrafe *Bibliografía* da presente UD—. Na aula, comentaranse os textos de forma oral e aberta: primeiro, individualmente cada un deles e, segundo, colectivamente, analizando as diferentes perspectivas historiográficas sobre o conflito.
 - Como traballo xeral da materia, o estudantado terá que realizar unha entrevista a unha persoa que vivira o golpe, a guerra e/ou os primeiros anos da ditadura. Valorarase positivamente a recollida de experiencias femininas. A entrevista ha ser gravada e indexada correctamente para que posteriormente pase a formar parte dos arquivos orais en liña da Universidade de Santiago de Compostela Nomes e Voces (<http://www.nomesevoces.net/>) e Terra e Memoria (<https://www.terraememoria.usc.gal/>).

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Segundo os criterios de cualificación recollidos na guía docente da materia de Historia Contemporánea de España II, o sistema de avaliación da UD basearase en tres elementos fundamentais: a avaliación continua en base a participación na aula, o exame final e a produción escrita. A continuación, explícanse os instrumentos de avaliación:

1. Avaliación continua

- Aspectos que se van considerar: asistencia e participación activa nas clases expositivas e, especialmente, nas interactivas. Tamén se valorará a asistencia á práctica de campo establecida na guía docente (ou, no seu defecto, a realización do traballo alternativo proposto).
- Criterios de avaliación: participación activa nas clases e nos debates que xurdan, atendendo particularmente á expresión oral: fluidez verbal, utilización da terminoloxía concreta, argumentación adecuada, capacidade de síntese, etc.
- Ponderación sobre a nota final: 10 %

2. Exame final

- Aspectos a considerar: realización dunha proba escrita a final de curso. Constará dunha pregunta tipo tema, longa, apoiada en materiais —textos, gráficas, mapas...— e preguntas curtas complementarias.

- Criterios de avaliación: dominio dos coñecementos teórico-prácticos impartidos na materia. Madurez na expresión escrita, tanto na argumentación e nos contidos coma na estrutura e presentación dos mesmos. Valorarase a capacidade relacional, a síntese, a claridade conceptual e o razoamento fronte á reprodución memorística.
- Ponderación sobre a nota final: 60 %

3. Producción escrita

- Aspectos a considerar: elaboración e entrega dos traballos escritos sinalados no epígrafe *Actividades prácticas*.
- Criterios de avaliación: entrega a tempo dos traballos. Madurez na expresión escrita, tanto na argumentación e nos contidos coma na estrutura e presentación dos mesmos. Terase en conta a coherencia no enfoque dos traballos coa materia explicada, así como o rigor da bibliografía e fontes consultadas. Tamén se valorará a orixinalidade e creatividade.
- Ponderación sobre a nota final: 30 %

BIBLIOGRAFÍA

- AGUILAR, Paloma (1996): *Memoria y olvido de la guerra civil española*, Madrid, Alianza
- ANDERSON, Peter (2010): *The Francoist Military Trials. Terror and Complicity, 1939 - 1945*, New York, Routledge
- CASANOVA, Julián (2007): “República y guerra civil”, en FONTANA, Josep; VILLARES, Ramón (dirs.): *Historia de España*, Barcelona, Crítica, vol. 8
- CENARRO, Ángela (2002): “Matar, vigilar y delatar: la quiebra de la sociedad civil durante la guerra y la posguerra en España (1936 - 1948)”, *Historia Social*, nº 44
- CRUZ, Rafael (2006): *En nombre del pueblo. República, rebelión y guerra en la España de 1936*, Madrid, Siglo XXI
- DEL ARCO, Miguel Ángel; HERNÁNDEZ, Claudio; et al. (eds.) (2013): *No sólo miedo. Actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura franquista (1936 - 1977)*, Granada, Comares
- ESPINOSA, Francisco (ed.) (2010): *Violencia roja y azul: España, 1936 - 1950*, Barcelona, Crítica
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (2018): *Historia de la guerra civil contada por dos hermanas. Memorias de golpe, revolución y guerra*, Granada, Comares
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo; ARTIAGA REGO, Aurora (eds.) (2014): *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura. Historia para un pasado incómodo*, Madrid, Catarata
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo; MÍGUEZ MACHO, Antonio (eds.) (2018): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia

- GIL ANDRÉS, Carlos (2014): *Españoles en guerra. La guerra civil en 39 episodios*, Barcelona, Planeta
- GÓMEZ BRAVO, Gutmaro; MARCO, Jorge (2011): *La obra del miedo. Violencia y sociedad en la España franquista (1936 – 1950)*, Madrid, Península
- GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo (2011): *Contrarrevolucionarios. Radicalización violenta de las derechas durante la IIª República*, Madrid, Alianza
- HERNÁNDEZ BURGOS, Claudio (2013): *Franquismo a ras de suelo. Zonas grises, apoyos sociales y actitudes durante la dictadura*, Granada, Universidad de Granada
- IZQUIERDO MARTÍN, Jesús; SÁNCHEZ LEÓN, Pablo (2006): *La guerra que nos han contado. 1936 y nosotros*, Madrid, Alianza
- JULIÁ, Santos, et al. (1999): *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy
- MALEFAKIS, Edward (ed.) (1986): *1936 – 1939. La guerra de España*, Madrid, El País
- MÍGUEZ MACHO, Antonio (2014): *La genealogía genocida del franquismo: violencia, memoria e impunidad*, Madrid, Abada
- (ed.) (2016): *Ni verdugos ni víctimas: actitudes sociales ante la violencia, del franquismo a la dictadura argentina*, Granada, Comares
- MIKELARENA, Fernando (2015): *Sin piedad. Limpieza política en Navarra, 1936. Responsables, colaboradores y ejecutores*, Iruña, Pamiela
- MOLINERO, Carme (2005): *La captación de las masas. Política social y propaganda en el régimen franquista*, Barcelona, Catedra
- MORADIELLOS, Enrique (2004): *1936. Los mitos de la guerra civil*, Barcelona, Península
- (2016): *Historia mínima de la Guerra Civil española*, Madrid, Turner
- MORENO, Francisco (2001): *La resistencia armada contra Franco. Tragedia del maquis y la guerrilla*, Barcelona, Crítica
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel (2006): *¡Fuera el invasor! Nacionalismos y movilización bélica durante la guerra civil española (1931 - 1936)*, Madrid, Marcial Pons
- PRADA RODRÍGUEZ, Julio (2010): *La España masacrada. La represión franquista de guerra y posguerra*, Madrid, Alianza
- PRESTON, Paul (2011a): *Franco: Caudillo de España*, Barcelona, Debolsillo
- (2011b): *El holocausto español. Odio y exterminio en la guerra civil y después*, Barcelona, Debate
- RICHARDS, Michael (1999): *Un tiempo de silencio. La guerra civil y la cultura de la represión en la España de Franco (1936-1945)*, Barcelona, Crítica
- RODRÍGUEZ TEJEIRO, Domingo (2016): “El sistema franquista de Redención de Penas por el Trabajo en la segunda mitad de los años cuarenta: de los presos políticos a los presos comunes”, *Revista de Historia de las Prisiones*, nº 2, pp. 185 - 205
- RUIZ CARNICER, Miguel (ed.) (2013): *Falange. Las culturas políticas del fascismo en la España de Franco 1936-1975*, Zaragoza, Fernando el Católico
- SAZ CAMPOS, Ismael (2003): *España contra España. Los nacionalismos franquistas*, Madrid, Marcial Pons
- TUSELL, Javier (1971): *Las elecciones del Frente Popular en España*, Madrid, Edicusa
- VILAR, Pierre (2000): *La guerra civil española*, Barcelona, Crítica
- VIÑAS, Ángel; et al. (2014): *Los mitos del 18 de julio*, Barcelona, Crítica

Recursos en liña:

www.busc.es

<https://www.terraememoria.usc.gal/>

www.nomesevoces.net

<http://histagra.usc.es/gl/>

www.usc.es/updoc/

www.csbg.org

<https://www.youtube.com/user/Cliphistoria>

http://www.aehe.net/docencia-seccion/manuales_hist_econ_espana.html

[http://www.ahistcon.org/revistaayer.html /](http://www.ahistcon.org/revistaayer.html)

www.hispanianova.rediris.es

www.historia-actual.com

<http://www.h-net.org>

<http://www.historycooperative.org>





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

